

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 5 de xullo de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dous minutos do día cinco de xullo de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 18 de maio, extraordinaria e urxente do 19 de maio e ordinaria do 24 de maio. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 55/10 P.A. Demandante: D^a ISABEL GRAÑA GRAÑA. Obxecto: Resolución 3/12/09. Sanción Tráfico. Expte.: 098739322. Desestimado o recurso.
- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 45/10 P.A. Demandante: D^a GUILLERMINA-MATILDE CARREIRA MALLO. Obxecto: Resolución do 17/11/09. Sanción de Tráfico. Expte.: 098677517. Desestimado o

recurso.

- c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 79/10. Demandante: D. Santiago Garcia de la Peña Calderón. Obxecto: Resolución do 22/12/09. Sanción de tráfico. Expte: 098619998. Desestimado o recurso.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 147/2010 P.A. Demandante: D^a. CARMEN ÁLVAREZ CARBALLO. Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia), reclamación responsabilidade patrimonial. Expte.: 2307/243. Desestimado o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 77/2010 P.A. Demandante: D. SANTIAGO COSTA DE CASO. Obxecto: Resolución do 21.12.2009. Sanción de tráfico. Expte.: 098746672. Estimada parcialmente.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo RC-A nº 282/2009 P.A. Demandante: D^a. BIBIANA GARCÍA FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 21.07.2009. Sanción de tráfico. Expte.: 088826551. Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 166/2010. P.A. Demandante: M^a José Silva Criado. Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial. Expte: 2549/243. Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

3.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 21/1310, 01/2425.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes proposta da traballadora social responsable do Programa, do 21.06.2010 e 23.06.2010, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a. Daría Fernández Vázquez. Expte. 1310/21.
- D^a. Purificación López Ballesteros. Expte. 2425/01.

4.- ALLEAMENTO DE 69 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3265/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 15.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 69 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.

- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D., con DNI nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 69 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para o alleamento dos 69 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 69 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

5.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- A) Devolver a **ORESA S.L.** a fianza por importe de 324 € constituída para responder das obras de reparación de beirarrúas en Vía Norte, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3206/241.
- B) Devolver a **MONDO IBÉRICA S.A.** a fianza de 9.025,86 € constituída para responder das obras de ampliación de graderío no polideportivo de Bouzas xa que as obras foron recibidas mediante acta por se executar conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3220/241
- C) Devolver a **CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A.** a fianza de 3.400,00 €, constituída para responder da subministración de gasóleo xa que a subministración foi recibida mediante acta por se executar conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3254/241.
- D) Devolver a **CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A.** a fianza de 1.200,00 €, constituída para responder da subministración de combustible para o Parque Móbil municipal xa que a subministración foi recibida mediante acta por se executar conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.3253/241.
- E) Devolver a **CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A.** a fianza de 30.400,00 €, constituída para responder da subministración de gasóleo e gasolina para os vehículos da nave central do Concello de Vigo xa que a subministración foi recibida mediante acta por se executar conforme ás

condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3255-241.

f) Devolver a **CEPSA COMERCIAL GALICIA S.A.** a fianza de 22.542,40 € constituída para responder da subministración de combustible para o Parque Móbil municipal xa que a subministración foi recibida mediante acta por se executar conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3252/241.

6- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA ORGANIZAR O XII RALLYE RÍAS BAIXAS CLÁSICO O DÍA 17.07.10. EXPTE. 9625/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 29.06.2010, co conforme do concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Rías Baixas a organizar o vindeiro sábado 17 de xullo de 2010, o **XII RALLYE RIAS BAIXAS CLÁSICO**, dita proba comezará coa concentración dos vehículos de 7.30 h as 11.30 horas, na Praza do Rei, onde sairán cara a Avda. De Madrid”.

7.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó CLUB “VIEJA ESCUELA ROLLER” PARA ORGANIZAR O “CAMPIONATO VIGUÉS IN-LINE” O 17 E 18 DE XULLO DE 2010. EXPTE. 9543/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.07.2010, co conforme do concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o Club “Vieja Escuela Roller” a organizar o vindeiro sábado 17 de xullo e o domingo 18 de xullo de 2010, o **CAMPIONATO VIGUÉS IN-LINE**, dita competición de patíns en liña está previsto que se leve a cabo no Monte do Castro o sábado 17 pola tarde e o domingo 18 pola tarde na pista de patinaxe de Samil de 16.00 horas a 20.00 horas

8.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó CLUB VIGUÉS MEIXOEIRO PARA ORGANIZAR O XXII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O DÍA 17.07.10. EXPTE. 9601/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.06.2010, co conforme do concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 17 de xullo de 2010, o **XXII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO**, dita proba comezará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro”.

9.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTOS DA DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE EXECUCIÓN DUN PARQUE DEPORTIVO EN BARREIRO- FEESL. EXPTE. 9652/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do

IMD, do 29.06.2010, co visto e praxe do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Nomear ao arquitecto técnico, D. Francisco Javier Fafián Mosquera para desenvolver a dirección de execución e a coordinación de seguridade e saúde na fase de execución de obra en representación de NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.
- 2.- Nomear a D. Santiago González García e D. Miguel Porras Gestido, de NAOS 04 ARQUITECTOS, SLP, para desenvolver a dirección facultativa das obras.
- 3.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra “OBRAS DE EXECUCIÓN DUN PARQUE DEPORTIVO EN BARREIRO”, informado favorablemente por Francisco Javier Fafián Mosquera, en representación da dirección da obra.
- 4.- Encargar a supervisión técnica dos traballos aos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal.

10.- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES 2010.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 18.05.2010, co visto e praxe do Presidente do IMD, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Aprobar a modificación da relación de postos de traballo do persoal do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo segundo a relación que se adxunta cos grupos de función, CD e CE correspondentes.

CADRO DE PERSOAL LABORAL - RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO EXERCIZO 2010 ORGANISMO AUTÓNOMO “INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO”

DENOMINACIÓN POSTOS	DOT	RL	GR	CD	CE
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1	INDEF.	A1	28	86
DIRECTOR TÉCNICO	1	INDEF.	A1	27	18
COORDINADOR DEPORTIVO	1	INDEF.	A1	26	14
TÉCNICO DEPORTES	1	INDEF.	A2	25	17
ADMINISTRATIVO	3	INDEF.	C1	19	316
TÉCNICO MANTMTO. SIST. INFORMÁTICOS	1	INDEF.	C1	18	140 <i>1 vacante</i>
XEFE MANTEMENTO INSTALACIÓNS	1	INDEF.	C1	18	91
ADXUNTO COORDINADOR	1	INDEF.	C1	18	92
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1	INDEF.	C1	18	91
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACIÓN	3	INDEF.	C2	16	90
OFICIAL DE MANTEMENTO	12	INDEF.	C2	15	156 <i>3 vacante</i>
OFICIAL DE INSTALACIÓN	17	INDEF.	C2	15	156 <i>4 vacante</i>
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	INDEF.	C2	16	166
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	INDEF.	E	14	158
LIMPADORA	1	INDEF.	E	14	158

PRAZAS PERSOAL LABORAL FIXO

PRAZAS PRESUPOSTARIAS	Nº	TITULACIÓN ESIXIDA
TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A
TÉCNICO EDUCACIÓN FÍSICA	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO A2
ADMINISTRATIVO	3	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
TCO. MANTEMENTO SIST. INFORMATICOS	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1

AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
ENCARGADO XERAL	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
ADXUNTO COORDINADOR	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
CAPATAZ	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C1
OFICIAL DE MANTEMENTO	12	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
OFICIAL DE INSTALACIÓN	20	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO C2
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E
OPERARIO	1	A PROPIA DE FUNCIONARIOS DO GRUPO E

60

Segundo.- Aprobar as adecuacións retributivas propostas con efecto dende o 1 de xaneiro de 2010, que cifra a cantidade 30.359,14 € con cargo á partida de gasto 3420 130 0000, e segundo o seguinte detalle, posto administrativos 1.247,82 € por posto, posto director deportivo 12.623,10 €, posto director técnico 8.864,10 €, posto coordinador deportivo 5.128,48 €.

11.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS SINDICATOS COMARCAIS DE UGT, CCOO, CIG PARA O SEGUIMENTO DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E DOS CONVENIOS COLECTIVOS DE APLICACIÓN NAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. EXPTE. 6650/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 11.01.2010, co conforme do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, co informe do titular da Asesoría Xurídica, do 17.06.2010, e co informe da xefa do Servizo de Fiscalización do 24.06.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e os Sindicatos Comarcais de UGT, CC.OO e CIG, cara a contar cos mecanismos de seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación nos traballos derivados das inversións en Vigo derivados do Fondo Estatal de Inversións e das contratadas con cargo aos orzamentos municipais.
- 2.- Facultar ao ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Hector Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.
- 3.- Autorizar o gasto por importe total de 81.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida orzamentaria 3220 2270600. de Promoción Económica e Emprego.

ACORDO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO E SINDICATOS COMARCAIS DE VIGO DE UGT, CC.OO. E CIG PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DERIVADOS DAS OBRAS DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIADE E DAS PROMOVIDAS CON FONDOS MUNICIPAIS

En Vigo, ____ de _____ de dous mil dez

Dunha parte Don Abel Caballero Álvarez Alcalde-Presidente do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte,

D. Antonio Juste Iglesias, (DNI -----), secretario xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15.383.011,

D. Xosé Cameselle Romero, (DNI 35.985.378), secretario xeral da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15.103.112.

D. -----, (DNI -----), secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36.706.927

Todas as partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

O Fondo Estatal de Inversións, é unha medida contra a crise adoitada polo Goberno Central, que dota aos concellos dunha inversión extraordinaria de 5.000 millóns de euros co fin de reactivar a economía e o emprego. O Concello de Vigo ten destinados 32 millóns de euros cos que se espera dar traballo a unhas 2.300 persoas neste ano 2010 por medio das obras resultantes das adxudicacións nas que se desenvolverán humanizacións de rúas, traballos de subministro de granito ou xardinería, eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios municipais e outras obras de mellora de viais, rúas e beirarrúas.

A realización simultánea de tantas obras na cidade supón un desafío e un probable incremento dos riscos laborais dos traballadores e traballadoras implicadas tal e como se constatou na experiencia previa no control e inspección das obras realizadas durante o ano 2009, tendo en conta ademais da magnitude do traballo como polos prazos, xa que as obras teñen que estar rematadas antes de que finalice este ano 2010. Por este motivo, o Concello de Vigo debe continuar co esforzo realizado o pasado ano, e marcarse como obxectivo primordial a protección da seguridade e saúde dos traballadores que participarán nestas obras. O Concello de Vigo como garante do cumprimento das normativas de prevención de riscos laborais esixirá o estrito cumprimento da normativa e manterá permanentemente un control e inspección dos traballos para combater os riscos.

Dado que o fin principal da inversión que se fai é a creación de emprego evitarase na medida do posible a realización de horas extras polo persoal que realice estes traballos. Isto beneficiará a seguridade e saúde no traballo, posto que a realización de horas extras prexudica ao traballador no sentido de que ao aumentar o seu cansazo, auméntase a probabilidade de que sufra un dano. Polo tanto, en caso de que os prazos de entrega das obras ou calquera causa obrigue a aumentar o tempo de traballo ao longo da xornada, farase outra quenda coa contratación de máis persoal se é necesario. En caso de que a presenza dalgún traballador sexa imprescindible máis aló das 8 horas de xornada laboral normal, a empresa deberá solicitalo por escrito a Comisión de Seguimento, xustificando esta necesidade, e será a Comisión de Seguimento a que deberá dar o conforme á realización das horas extras.

Pois ben, á finalidade de contribuír a garantir a seguridade e saúde dos traballadores na execución das devanditas obras e tendo en conta a valoración positiva do control realizada nas obras do ano 2009, preséntase como moi conveniente para o Concello de Vigo a conclusión dun convenio de colaboración cos sindicatos máis representativos da comarca (UGT, CIG e CC.OO) a través do cal se articule un mecanismo de colaboración para o seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación nos traballos de execución das inversións en Vigo derivados do Fondo Estatal de Inversións e das contratadas con caro aos orzamentos municipais. E a tal fin as entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto deste convenio é articular a colaboración entre o Concello de Vigo e os sindicatos comarcais CCOO, UGT e CIG para implantar un sistema de seguimento do cumprimento das obrigas en materia de prevención de riscos laborais e dos convenios colectivos de aplicación para as obras contratadas polo Concello de Vigo tanto as realizadas con cargo ao Fondo Estatal de Inversión Local como as que se executen con cargo a fondos municipais, ao longo deste ano 2010, complementario ao da execución das respectivas obras, co obxecto contribuír á garantir o cumprimento real e eficaz da normativa de aplicación.

Mediante esta actuación conxunta do Concello de Vigo, CCOO, UGT, CIG, e todas e cada unha das Empresas partícipes nestas obras, acádase a integración e implantación dun potente sistema preventivo que asegure o cumprimento real e eficaz da normativa de aplicación vixente en materia de prevención de riscos laborais, que, consecuentemente e na medida do posible, elimine e/ou minimize os riscos aos que os traballadores e traballadoras están expostos na realización da súa actividade laboral.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actividades do presente convenio, é o termo municipal de Vigo.

Terceira.- Ámbito temporal.

A vixencia do convenio iniciárase á data da súa sinatura e rematará o 31 de decembro do ano 2010.

Cuarta.- Compromisos das organizacións sindicais.

En cumprimento do presente convenio de colaboración as organizacións sindicais asinantes do mesmo comprométense a:

1º.- Poñer a súa organización a disposición da finalidade obxecto deste convenio, en particular os seus gabinetes de saúde e seguridade laboral e a súa organización administrativa.

2º.- No seu caso, elaborar ou participar na elaboración de estudos de seguridade e saúde laboral, como garantía dunha maior calidade dos plans de seguridade e saúde laboral. Tanto os estudos de seguridade e saúde laboral como os plans de seguridade e saúde laboral elaboraranse baixo os criterios de realismo, coherencia coa obra a executar, complitude, rigorosidade na súa valoración económica, sen que se admitan como custes de prevención os esixidos para a correcta execución dos traballos e, especialmente, baixo o criterio básico recollido na Lei de Prevención de Riscos Laborais de antepoñer o uso de proteccións colectivas ás individuais, con prohibición da iniciación de calquera traballo que requira protección colectiva ata que non estea esta montada por completo, con estrita especificación das condicións dos medios materiais de protección, as súas calidades e a súa utilización.

3º.- A presentar un programa de actuacións de prevención de riscos laborais e de seguimento do cumprimento dos correspondentes plans de seguridade e saúde das distintas obras, no que destacará a formación dos traballadores, dos responsables de obra e técnicos de execución, mandos intermedios, directivos, e delegados de prevención respecto dos que celarase por que dispoñan da formación indicada no convenio da construción, co programa e duración que nel se recolle; o seguimento da subcontratación e do cumprimento da Lei 32/2006, de 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector público, coa esixencia, en tales casos, do libro de subcontratación, así como a vixilancia do cumprimento do convenio de aplicación en materia de salarios, que pode resultar ameazada pola competencia nos concursos.

4º.- A organizar, xestionar e executar o dito programa e a incorporar para a execución do mesmo de tres técnicos superiores en prevención de riscos laborais (a partir de agora técnicos de prevención en obra), un por cada sindicato asinante deste acordo, polo período de duración das obras, que, en materia de prevención de riscos, que colaborarán cos coordinadores de seguridade e saúde das distintas obras promovidas polo Concello como consecuencia da inversións realizadas na nosa cidade.

Os coordinadores de seguridade e saúde terán as obrigacións que lle asigna o RD 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (artigo 9), e elaborarán un informe mensual para a Comisión de Seguimento do estado da obra e incidencias, no seu caso. Os técnicos de PRL terán como funcións:

- 1) Colaborar co coordinador de seguridade e saúde no traballo en canto a:
 - a) Revisión e control da documentación presentada por cada contratista e subcontratista (certificado de inscrición no REA das empresas que participan na obra, plan de seguridade, formación adecuada ás funcións do posto e aptitude para o posto dos traballadores que participen na obra, nomeamento dos traballadores designados e formación dos mesmos...)
 - b) Controis das condicións de traballo a pé de obra, comprobando que o recollido nos plans de seguridade ten o seu reflexo na realidade (equipos de traballo adecuados e conformes á lexislación, entorno de traballo adecuado, coordinación das actividades das posibles empresas que concorran no centro de traballo...), e que se dispón de libro de incidencias, libro de subcontratación, libro de ordes.
- 2) Propoñer a paralización da totalidade ou parte da obra en caso de risco grave ou inminente.
- 3) Ser informados dos accidentes de traballo que se produzan e realizar a investigación dos mesmos.

- 4) Ter acceso ao Libro de Incidencias da obra, podendo anotar no mesmo os incumprimentos detectados en materia de seguridade e saúde laboral, que serán comunicados ao coordinador da obra, ao contratista, aos representantes dos traballadores de este, ao Servizo de Prevención do Concello de Vigo, e tal e como recolle o RD 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, no prazo de 24 horas unha copia será remitida a Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- 5) Acompañar á Autoridade Laboral, a requirimento de esta, durante as visitas que realicen ás obras.
- 6) Realizar informes mensuais para a Comisión de Seguimento sobre as condicións en materia de prevención de riscos laborais do estado da obra.

Os incumprimentos en materia de seguridade e saúde laboral detectados tanto polos coordinadores de seguridade e saúde como polos técnicos en prevención de riscos laborais darán lugar, previo o correspondente expediente, á imposición aos responsables, por parte do Concello de Vigo, das penalidades administrativas previstas na Lei de Contratos do Sector Público e no prego de cláusulas administrativas particulares, sen prexuízo das que procedan na orde laboral.

- 5º.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade dos/as traballadores/as.
- 6º.- Asumir as responsabilidades que se deriven da realización da actividade obxecto deste convenio de colaboración e en particular da contratación laboral do persoal que se adscriba a estas.
- 7º.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- 8º.- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello. Está obrigada, igualmente, a facilitar tanta información e documentación se lles solicite.
- 9º.- Comunicarlle ao Concello a obtención de outros recursos para o financiamento das actividades a cuxa realización se compromete tanto procedan de entidades públicas como privadas.

Quinta.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo.

- 1º.- O Concello de Vigo poderá solicitar e obter toda a información e documentación que considere necesaria a fin de determinar o cumprimento parte das organizacións sindicais das accións convidadas
- 2º.- Corresponde o Concello de Vigo determinar, á vista da información e documentación pertinente, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.
- 3º.- Igualmente corresponde ao Concello de Vigo a prerrogativa de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e ditar instrucións de obrigada observancia para a súa mellor execución.
- 4º.- O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, realizara unha achega de 90.000,00 € (noventa mil euros), para repartir por terceiras e iguais partes (30.000,00 €), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 3220.2270600, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados de:
 - a) Contratación dun/dunha técnico de Prevención de riscos laborais por cada unha das organizacións asinantes do convenio.
 - b) Adquisición de medios de seguridade necesario para os/as técnicos contratados.
 - c) Adquisición de consumibles informáticos e material de oficina para o desenvolvemento das accións de prevención.

O pago realizarase mediante transferencias bancarias ás seguintes contas correntes:

UXT: código entidade: 2080 código oficina: 021739 núm. cta. 0040001256.
CIG: código entidade: 2080 código oficina: 012773 núm. cta. 0040000194.
CCOO: código entidade: 2080 código oficina: 004067 núm. Cta. 0040011889.

Para facilitar a xestión do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a

necesidade financeira dos mesmos.

Debido a entidade dos Sindicatos asinantes do convenio e da colaboración levada a cabo co Concello nos últimos anos, se exime aos sindicatos asinantes do convenio da necesidade de constituir garantía respecto do anticipo a conta establecido.

Sexta.- Supervisión, seguimento e avaliación.

Crearase unha Comisión de Seguimento con funcións de órgano superior de actuación, vixilancia e seguimento deste convenio en todos os seus aspectos.

Para a supervisión do convenio e o establecemento de criterios de actuación no previstos no convenio crearase unha comisión de seguimento composta polos seguintes membros:

- Presidente: O Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.
- Vogais:
 - Un/unha técnico do Servizo de Prevención do Concello.
 - Un/unha técnico do servizo de Promoción Económica e Emprego.
 - Un/unha técnico dos Servizos Xerais.
 - Un/unha técnico da Tenencia de Alcaldía.
 - Dous/dúas representantes de cada un dos sindicatos asinantes (CC.OO, CIG e UGT).
 - Dous/dúas representantes da Administración Laboral.
 - Os técnicos de prevención en obra asistirán ás reunións da Comisión de Seguimento con voz pero sen voto.

A comisión de seguimento terá tamén as seguintes funcións:

- Coñecer a situación en materia de prevención de riscos laborais nas obras que se leven a cabo en Vigo derivadas da inversión do Fondo Estatal de Inversións.
- Coñecer a evolución da sinestralidade.
- Propoñer medidas de mellora en materia de prevención de riscos laborais.
- Recibir a información sobre o control exercido polos coordinadores de seguridade e os técnicos de prevención en obra (informes mensuais).
- Avaliar as solicitudes de realización de horas extras por parte das empresas que desenvolven as obras.

A Comisión de Seguimento reunirse cada mes, ou con carácter de urxencia si o solicita algunha das partes.

Os seus acordos adoptaranse por consenso e obrigarán ás partes.

Sétima.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade.

A difusión da actividade obxecto deste convenio correspóndelle a cada organización sindical. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello, e as respectivas seccións sindicais, nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- As organizacións sindicais someterán a conformidade do Concello as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares na Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Oitava.- Réxime financeiro, tramitación de pagos e liquidación

As organizacións sindicais, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a xustificación do cumprimento do convenio e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha memoria das actividades realizadas e dos gastos incorridos, coa seguinte documentación e información:

1 Unha memoria final en formato papel e electrónico, na que figurará, a seguinte información:

1.1 Actuacións realizadas.

1.2 Datos de participación.

1.3 Memoria de prensa e reportaxe fotográfico ou audiovisual

1.4 Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

2 Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

2.1 Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, obxecto facturado, o seu importe, data de emisión e forma de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE

2.2 Facturas ou documentos xustificativos orixinais dos gastos incorridos e da aplicación da achega recibida do Concello. Todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan as organizacións sindicais deberán ser estampillados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indicará que foron presentados para a xustificación dos gastos incorridos na execución do presente convenio e a contía exacta da imputación.

2.3 Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tickets de caixa. Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle da cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo de IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención. Para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo preceptos e pagadas, ou extracto bancario no seu caso, así como xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social. Igualmente deberá xustificarse a retención e ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria das cantidades correspondentes ao imposto do IRPF, e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, e iso aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención a xustificar.

2.4 Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade obxecto deste convenio con indicación do importe e a súa procedencia.

2.5 Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

2.5.1 Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade obxecto do convenio

2.5.2 Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

2.5.3 Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social.

2.5.4 Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2.6 Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, o xefe de Servizo de Promoción Económica e Emprego será o encargado do seguimento da execución do convenio así como de certificar a adecuada xustificación do cumprimento do convenio por parte das organizacións sindicais, mediante a emisión dun informe que se incorporará a cada memoria xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto do convenio ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Novena.- Causas de resolución do convenio, solución de controversias.

O incumprimento do especificado nas cláusulas do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá

significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola entidade sindical correspondente, do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora dende o momento do seu pago.

A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décima.- Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración está excluído da aplicación da Lei de Contratos do Sector Público e, de acordo co artigo 4.2 da dita Lei de Contratos do Sector Público, rexeráse a falta de normas especiais, polas súas estipulacións, aplicándose os principios da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que ofrezca o seu cumprimento. Lido por as catro partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinan e rubrican por cuadruplicado exemplar, no lugar e datas indicados no inicio.

12.- PROXECTO DE OBRA DAS MELLORAS DOS PARQUES DE A GUÍA E DO BARRIO DAS FLORES. EXPTE. 7101/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 10.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obra das melloras dos Parques da A Guía e do Barrio das Flores, , para a súa execución ao abeiro do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis.

13.- PROXECTO DE OBRAS “PASARELA ECOLÓXICA NO BORDE LITORAL DENDE A GUÍA ATA A ROTEA”. EXPTE. 6098/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 28.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obra de “Pasarela Ecolóxica no borde litoral dende A Guía ata A Rotea”, para a súa execución ao abeiro do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis.

14.- PROXECTO DE OBRA DE RESTAURACIÓN E ACONDICIONAMENTO DOS NÚCLEOS TOURAL E RÍOS. EXPTE. 6097/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 28.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de obra de restauración e acondicionamento dos núcleos Toural e Ríos, para a súa execución ao abeiro do Proxecto Rexeneración Urbana de Teis.

15.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE ADECUACIÓN DUN CARRIL BICI NA AVDA. DE CASTELAO. EXPTE. 5277/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 21.06.2010, co conforme da concelleira de dita área, a Xunta de

Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para as obras de “Adecuación dun carril bici na Avenida de Castelao”.

16.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA O PROXECTO DE EFICIENCIA NA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS E OUTRAS REDES DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA NA RÚA SANTA CRISTINA. EXPTE. 5291/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 24.06.2010, co conforme da concelleira de dita área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para as obras de “Proxecto de eficiencia na xestión dos recursos hídricos e outras redes de subministro de auga na rúa Santa Cristina”.

17.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.604,31 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL – MARZO 2010. EXPTE. 34342/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do inspector principal, xefe en funcións da Policía Local, do 15.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, co informe do Asesor Xurídico da Policía Local da mesma data, e co informe do Interventor Xeral do 25.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con CIF F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 5.604,31 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de marzo de 2010, segundo factura N°. TR80032/10, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

18.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.688,36 € A FAVOR DE TAELO S.COOP. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RADIOCOMUNICACIÓNS PARA A POLICÍA LOCAL – ABRIL 2010. EXPTE. 34347/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente da Policía Local, do 22.06.2010, co conforme do concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, co informe do Asesor Xurídico da Policía Local da mesma data, e co informe do Interventor Xeral do 25.06.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar a favor da mercantil TAELO, S. COOP., con CIF F-36.049.543, unha indemnización substitutiva por importe de 5.688,36 € (IVE engadido) pola prestación do servizo de radiocomunicacións para a Policía Local e o Servizo de Extinción de Incendios correspondente ao período de abril de 2010, segundo factura N°. TR80041/10, aos efectos de evitar un enriquecemento inxusto do concello de Vigo en función da efectiva e satisfactoria prestación do citado servizo e a

falta de cobertura contractual do mesmo.

2.- Recoñecer en consecuencia o dereito da citada mercantil, a percibir dita cantidade polo referido concepto con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2080000.

19.- PRODUTIVIDADE AO CAPATAZ DE MANTEMENTO DO SERVIZO DE CULTURA-CASA DAS ARTES, CORRESPONDENTE AOS MESES DE NOVEMBRO-DECEMBRO 2009. EXPTE. 12210/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 23.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- O recoñecemento a D Ramón Vázquez Martínez, , con nº de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura, un complemento de produtividade por importe de 587.10€ euros, pola realización das funcións de apoio técnico, de acordo a súa escala e grupo de titulación, no desenvolvemento das programacións do Servizo, segundo resolución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 16 de marzo de 2009, polo período comprendido entre o 1 de novembro ao 31 de decembro de 2009

- Aprobar e comprometer o pago da cantidade de 587.10 € en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D Ramón Vázquez Martínez, , con nº de persoal 16478, adscrito ao Servizo de Cultura con cargo a la partida 12101500000.

Déase traslado do presente acordo a interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

20.- PRODUTIVIDADE AO POLICÍA D. MIGUEL JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, POLA SÚA PARTICIPACIÓN NO OPERATIVO “PROTECCIÓN VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO”, CORRESPONDENTE AO PERÍODO NOVEMBRO 2009-XANEIRO 2010. EXPTE. 34235/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, do 18.05.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 16.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar ao funcionario municipal D Miguel José González Rodríguez, con núm. de persoal 14835 con posto de policía local, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 9 de novembro de 2009, no período comprendido dende o 10 de novembro de 2009 ao 31 de xaneiro de 2010; complemento retributivo que se fixa na

cantidade de 1077,48€. conforme as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

21.- PRODUTIVIDADE AO POLICÍA D. MIGUEL JOSÉ GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, POLA SÚA PARTICIPACIÓN NO OPERATIVO “PROTECCIÓN VÍTIMAS VIOLENCIA XÉNERO”, PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 1 DE FEBREIRO E 31 DE MAIO DO 2010. EXPTE. 34334/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH, do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 23.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Outorgar ao funcionario municipal D Miguel José González Rodriguez, con núm. de persoal 14835 con posto de policía local, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 9 de novembro de 2009, no período comprendido dende o 1 de febreiro ao 31 de maio de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1619,24€. conforme as vixentes Instrucións sobre Plantilla do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

22.- SOLICITUDE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE Dª CARMEN Mª SANZ ALONSO. EXPTE. 19927/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 17.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Dª CARMEN MARÍA SANZ ALONSO, NIF 36.063.965-B e núm. persoal 22125, auxiliar de administración xeral adscrita ó Departamento de Mobilidade, Transporte e Seguridade,

un permiso sen soldo por asuntos persoais, no período comprendido entre o 16 e o 30 de xullo de 2010 -ámbolos dous incluídos-, de conformidade co previsto no art. 17 c) do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.”

23.- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2010. EXPTE. 19917/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación, do 30.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 24.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Desinfección	Maio	De Pardellas Avión, Avelino a Seijas Fernández, Alberto	48,24	43,52	91,76
1ª Tenencia Alcaldía	Maio	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	277,38	100,64	378,02
Alcaldía	Maio	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	795,96	146,88	942,84
Alcaldía	Maio	Abalde Comesaña, Raquel	112,56	0,00	112,56
Bombeiros	Maio	De Abreu Torres Francisco J. a Vázquez González, Domingo	21.209,52	16.341,76	37.551,28
Cemiterios	Maio	De Alfonso Paz Jesus a Vilanova Acuña Delmiro	2.768,78	0,00	2.768,82
Limpeza	Maio	De Hermida Sanmartin Juan José	209,04	394,40	603,44
Parque Central	Maio	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Souto, José Antonio	1.145,70	734,40	1.880,10
Montes, Parques e X.	Maio	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez José Luis	1.768,80	758,88	2.527,68
Parque Móbil	Maio	De Alonso González, Angel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.410,02	1.132,20	2.542,22
Policía Local	Maio	De Abalde Casanova, Iván a Vivero Mijares, Guillermo	47.495,34	27.125,20	74.620,54
Museo	Abril	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	291,45	0,00	291,47
Biblioteca Central	Maio	De Prieto Rodríguez, Pilar a Romero Falque, Xosé Lois	112,56	0,00	112,56
Electromecánicos	Maio	De Arias Rodríguez, Dámaso	80,40	380,80	461,20
Cultura	Maio	De Vázquez Martínez, Ramón	8,04		8,04
IMD	Abril	De Rial Estévez, Francisco a Rodríguez Presas, Julio	174,87	13,60	188,47
TOTAL			77.908,65	47.172,28	125.080,99

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 125.080,93 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.”

24.- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DO 2010. EXPTE. 19915/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 17.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de MAIO-2010, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.10.151.00.00-Gratificacións.

25.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DO 2010. EXPTE. 19914/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 17.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de MAIO-2010 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

26.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA, CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO 2010. EXPTE. 19913/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 17.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Maio-2010, e que ascenden a un total de 1.193'92 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

27.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DO PARQUE MÓBIL POR TOXICIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE MAIO DO 2010. EXPTE. 19912/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 16.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, a cantidade que figura na relación que se achega e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Florentino Prieto Domínguez, que ascende a un total de 54,42 euros, correspondente ao mes de Maio de 2010 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE.

28.- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAL DE D. ROGELIO ROCHA ÁLVAREZ, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE 2010. EXPTE. 2797/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 14.06.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos e o informe do técnico de Intervención, do 17.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo funcionario don Rogelio Rocha Álvarez do servizo de Xuventude, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial condutor, a cantidade que figura na relación que se achega, por un importe total de 189 € (CENTO OITENTA E NOVE EUROS), correspondentes ó 1º trimestre de 2010 e con cargo a partida presupostaria 9.22.0.150.00.00-PRODUTIVIDADE”

29.- ABOAMENTO CANTIDADE EN CONCEPTO DE INDEMNIZACIÓN POR XUBILACIÓN ANTICIPADA A Dª ROSARIO CUESTA GARCÍA. EXPTE. 19933/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa di servizo de Recursos Humanos., do 21.06.2010, e co informe do técnico de Intervención, do 23.06.2010, co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acordar o aboamento da cantidade de 4.808,10 € en concepto de indemnización por xubilación anticipada á funcionaria municipal Dª Rosario Cuesta García, con DNI 35.973.765-V e nº de persoal 6095, nos termos do disposto no vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Segundo.- O presente acordo notifíquese á interesada, Servizo de Recursos Humanos, Intervención Xeral aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición nos termos do establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, no prazo de 1 mes contado dende a notificación do presente acordo, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións do establecido

na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosos-Administrativa, no prazo de 2 meses contados dende a notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

30.- DAR CONTA RESOLUCIÓN ACUMULACIÓN DE FUNCIONS DE D^a REMEDIOS ALONSO VÁZQUEZ. EXPTE. 7133/220.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do decreto de data 1.06.2010, asinado polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Con data 25 de maio de 2010 o Tesoureiro Municipal remite a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda das funcións asignadas ao posto de Xefe de Negociado de Tesourería-Caixa, vacante dende a xubilación da súa titular o 19 de setembro de 2009, a funcionaria municipal D^a. Remedios Alonso Vázquez, con número de persoal 15160, auxiliar administrativo adscrita ao citado negociado de pagadoría, ata que se proceda á súa provisión na forma regulamentariamente prevista, acumulando temporalmente os dous postos de traballo.

Xustifícase a necesidade da devandita encomenda na necesidade de que o negociado de pagadoira continúe co seu funcionamento eficaz e dado os coñecementos e a experiencia que xa ven demostrando a funcionaria D^a. Remedios Alonso Vázquez, con nº de persoal 15160, auxiliar administrativo adscrito ao negociado de pagadoría da Tesourería Municipal,.

Así mesmo, en data 30 de novembro de 2009, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente ao funcionario D. Marcos López Campos, nº de persoal 21913, Auxiliar Administrativo adscrito a Negociado de Pagadoría as funcións do posto 175 xefe de negociado de pagadoría, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo. Dita encomenda, de carácter provisional, tiña validez dende a data da resolución e como máximo seis meses ou ata que o posto sexa cuberto mediante algún dos mecanismos legalmente previstos, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen mingua das retribucións.

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Primeiro.- Encomendar provisionalmente a funcionaria D^a. Remedios Alonso Vázquez, con número de persoal 15160, Auxiliar Administrativa adscrito a Negociado de Pagadoría as funcións do posto 175 xefe de negociado de pagadoría, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata que o posto sexa cuberto mediante algún dos mecanismos legalmente previstos, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, déase traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Tesourería Municipal, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do decreto precedente.

31.- DAR CONTA RESOLUCIÓN AUTORIZACIÓN PERMISO NON RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a ROSA M^a GONZÁLEZ BORDALLO. EXPTE. 19918/220.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta da técnica de Xestión, do 2.06.2010, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e o Resolvo do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 26 de maio de 2010, nº documento 100074276, D^a Rosa María González Bordallo, funcionaria de carreira con núm. persoal 76377, Técnica Media de Biblioteca, adscrita ao Servizo Cultura-Casa Galega da Cultura, solicita un permiso non retribuído dun mes, do 1 ao 31 de xullo de 2010.

En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:

- 1º.- A solicitante é funcionaria de carreira dende 1 de xullo de 2003.
- 2º.- Que o vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, no seu art. 17.a) contempla o dereito dos empregados municipais a un permiso non retribuído sempre que o permitan as necesidades do servizo de tres meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días.
- 3º.- A interesada non gizou de ningún permiso deste tipo, no tempo que leva prestando servizos
- 4º.- Así mesmo, dito acordo contempla que poderá concederse sempre que as necesidades do servizo o permitan, existindo informe da Técnica responsable da Casa Galega da Cultura.

Por todo o exposto, a funcionaria que subscribe propón ó Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte Resolución:

“Autorizar a un permiso non retribuído a D^a Rosa María González Bordallo, funcionaria de carreira con núm. persoal 76377, Técnica Media de Biblioteca, adscrita ao Servizo Cultura-Casa Galega, do 1 ao 31 de xullo de 2010, de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permisos por asuntos persoais e pagas

extraordinarias.”

RESOLVO:

Resolvo de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese a interesada, Xefatura do Servizo, Intervención municipal e Servizo de Recursos Humanos (Seguridade Social-Planificación e Organización) ós efectos oportunos. Así mesmo, deberá darse conta a Xunta de Goberno Local.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do decreto precedente.

32.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT DO POSTO DE TRABALLO “XEFE/A DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE”. EXPTE. 19937/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 28.06.10, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En instrución do servizo de data 25/06/2010, e a petición da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo formulada en escrito de data 18/06/2010 incorporado ao expediente –recibido no Servizo de Recursos Humanos o día 26/06/2010- o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a realización daqueles trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate na Xunta de Goberno Local das modificacións nos postos de traballo na mesma indicados, concretadas en:*

- *Cambio de adscrición do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente” ao Servizo de Cemiterios, pasando a denominarse “Xefe/a do Servizo técnico de Cemiterios”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.*

- *Reconfiguración da denominación do posto de traballo denominado “técnico/a de administración xeral” do Servizo de Medio Ambiente, pasando a denominarse “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente-unidade administrativa”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.*

2.- *Os ditos postos de traballo atópanse ocupados polos funcionarios municipais D. Ramón Fernández-Linares Bouza, con nº de persoal 78.523 e praza de enxeñeiro industrial, e Dª Marta Mª Riobó Ibáñez, con nº de persoal 76267 e praza de técnico de administración xeral.*

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, implica un réxime xurídico diferente ao existente ata a súa entrada en vigor; sen embargo, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes. Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- *Denominación dos postos de traballo.*

- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estean adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II.- De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de auto-organización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III. Así mesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

IV.- As transformacións propostas, con independencia da súa oportunidade, non parecen implicar alteración do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno do Concello para o presente exercicio económico 2010, vinculado á aínda vixente RPT, xa que os postos de traballo citados teñen a condición de postos existentes na vixente RPT e contan coa correspondente dotación orzamentaria plenariamente aprobada relativa ás prazas existentes no Concello de Vigo, susceptibles de seren encadradas nos distintos postos de traballo contidos na RPT. Todo elo sen prexuízo de que na actualización da vixente RPT- actualmente en elaboración tras a aprobación e entrada en vigor dos Orzamentos Municipais para o ano 2010- se incorpore a modificación proposta.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión do mesmos.

V.- En canto ao feito de que os ditos postos de traballo se atopen cubertos, a posibilidade de readscrición dos mesmos atopa amparo legal no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán trasladar aos seus funcionarios por necesidades de servizo ou funcionais a unidades, departamentos ou organismos públicos distintos aos do seu destino, respectando as súas retribucións, condicións esenciais de traballo e modificando no seu caso a adscrición dos postos de traballo dos que sexan titulares.

Neste caso, a necesidade do servizo parece responder á petición e ás motivacións contidas no escrito que dende o mesmo se formula pola Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

VI.- Vistas as consideracións e informes expostos, en estrito cumprimento da instrución do servizo ditada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 25/06/2010, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar o cambio de adscrición do posto de traballo denominado “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente”, código retributivo 186 da vixente RPT, ao Servizo de Cemiterios (código de servizo 303) pasando a denominarse “Xefe/a do Servizo técnico de Cemiterios”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

SEGUNDO.- Acordar o cambio de denominación dun posto de traballo de “técnico/a de Administración xeral” existente no Servizo de Medio Ambiente e ocupado pola funcionaria municipal D^a Marta M^a Riobó Ibáñez, substituíndoa pola denominación de “Xefe/a do Servizo de Medio Ambiente-unidade administrativa”, con idénticas retribucións ás existentes na actualidade.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.- Notifíquese o presente acordo aos funcionarios/as adscritos aos ditos postos, concelleiros/as-delegados/as das Áreas e Xefes/as da Áreas e Servizos afectados, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos e Planificación e Organización aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á CONFRARÍA DO STSMO. CRISTO DOS AFLIXIDOS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO CRISTO DE BOUZAS 2010, OS DÍAS DO 12 Ó 22 DE XULLO DE 2010. EXPTE. 78400/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da enxeñeira técnica, do 28.06.10, co conforme do concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Confraría **do Santísimo. Cristo dos Aflixidos**, á ocupación do espazo público en estrada e beirarrúas da Alameda Suárez-Llanos, rúa Pescadores, Eduardo Cabello, rotonda das Áncoras, confluencia da rúa Beiramar, vía de acceso ao recinto empresarial e industrial do porto de Bouzas solicitado, coas seguintes condicións:, deberán deixar libre, como límites do recinto, dende a última saída do aparcadoiro de camións anterior á rotonda dos Graniteiros, evitando invadir a devandita rotonda así como o ramal do enlace da V.G. -20 até a ponte en ambos sentidos de circulación, tanto por atraccións como por peóns ou vehículos indebidamente estacionados ,así mesmo deberán de quedar expeditas a rúa Pescadores e a rotonda das Áncoras, pola grave afección que supón ao tránsito de persoas e vehículos e os riscos e inconvenientes que supón para a seguridade viaria dos usuarios, transporte público, empresas e actividade portuaria no seu contorno.

- No tocante aos peches diarios do tráfico rodado propostos, por entender que nunha ampla zona dos veciños de Bouzas e das diversas actividades empresariais próximas poden quedar incomunicados por terra, os organizadores deberán dispor medidas que garantan calquera posible emerxencia, ademais de contar coa preceptiva autorización dos titulares das vías afectadas non municipais (Ministerio de Fomento e Autoridade Portuaria) nos treitos e horarios previstos.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, randeiras, carruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas, de conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de xuño de 2005:

- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estean expresamente autorizados.

- Todos os días da celebración prohibirase a circulación de vehículos na ronda litoral no treito comprendido entre a rotonda da confluencia das rúas Eduardo Cabello e Pescadores (coñecida como a das Áncoras) e até a rotonda de acceso á zona portuaria en ámbolos dous sentidos, entre as 19:00 e as 4:00 horas da mañá do seguinte día, agás o domingo 18 en que a hora de comezo da prohibición será ás 16:00 horas.

- O horario permitido de apertura ó público para as atraccións da festa, casetas, tómbolas e demais negocios relacionados coa ocupación da vía referida será para tódolos días entre as 19:00 e as 3:30 horas do seguinte, agás o domingo 18 en que será de 16:00 a 3.30 horas, coincidindo sempre co horario de peche ó tráfico na zona e nunca antes do comezo deste. Prohíbese expresamente que calquera destes negocios realice a súa actividade fora deste horario.

- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederáse á vixilancia do estrito cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Horario máximo autorizado: 3.30 horas coas ampliacións previstas na orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Límite transmisión ruídos: non se superarán os fixados na táboa 1.2 do anexo da vixente ordenanza municipal de Ruídos e Vibracións, publicado no BOP de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.”
- Deberán de garantir que dispoñen de certificado de instalación emitido por instalador autorizado oficial que permite a súa posta en funcionamento con independencia de que o seu subministro se realice conectándose a unha rede de distribución ou como prolifera actualmente mediante un grupo halóxeno,entendéndose non autorizado este evento senón dispoñen do mencionado certificado.”

34.- INFORME DA REPERCUSIÓN DA APLICACIÓN DA VARIACIÓN DO IVE A PARTIR DO DÍA 1 DE XULLO NAS TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 78412/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe da xefa do Servizo de Transportes, do 29.06.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que di o seguinte:

INFORME REPERCUSIÓN DA APLICACIÓN DA VARIACIÓN DO IVE A PARTIR DO DIA 1 DE XULLO NAS TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS NA CIDADE DE VIGO.

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da empresa Viguesa de Transportes S.L. VITRASA presenta escrito no que expón:

Que debido ao incremento a partir do 1 de xullo de 2010 do tipo reducido do IVE nun punto porcentual fixándose nun 8% a tarifa do billete do transporte urbano será de 1,17 €.

E solicita que se diten as instrucións pertinentes para proceder a adaptación do IVE ao establecido na LEI 26/2009 de Orzamentos Xerais do Estado nos bonos de transporte .

Á vista da citada solicitude, e do exame do contido da Lei 37/1992 que regula o imposto sobre o valor engadido , as modificacións introducidas polo artigo 79 da Lei 26/2009 de Orzamentos Xerais do Estado e o Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de decembro de 2009 infórmase o seguinte :

A Xunta de Goberno Local, no expediente de revisión tarifaria do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros, na sesión celebrada en data 22 de decembro de 2009 adoptou o Acordo de revisar o prezo do billete do transporte urbano, de conformidade co resultado obtido da aplicación da formula polinómica e demais parámetros de revisión previstos no prego de condicións que rexe o servizo, sendo o resultado obtido 1,0875 cantidade que coa aplicación do IVE vixente na data de aprobación, fixou o prezo do billete en 1,16 €; aplicando a citada cantidade o IVE vixente a partir do 1 de xullo o prezo do billete será de 1,17 €.

E na citada sesión a Xunta de Goberno Local, á vista do incremento do prezo do billete acordou así mesmo a revisión do prezo dos distintos bono-buses na mesma cantidade na que se incrementou o prezo do billete, ao obxecto de manter constante a subvención .

Como consecuencia da variación introducida pola lei no porcentaxe a aplicar en concepto de IVE prodúcese un incremento no prezo do billete do autobús urbano , incremento que , en cumprimento do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2009, polo cal se subvenciona unha cantidade fixa nos distintos bonos, implica un incremento dun céntimo no prezo de cada un dos bonos.

Polo exposto e como consecuencia da entrada en vigor do disposto no artigo 79 da Lei 26/2009 de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010, polo que se incrementa nun punto porcentual o tipo reducido do IVE a partir do 1 de xullo de 2010, e en aplicación do disposto no mesmo ,considérase o seguinte:

- 1) O prezo do billete do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral na cidade de Vigo será de 1,17 €.
- 2) O prezo dos bonos, en cumprimento do Acordo da Xunta de Goberno Local polo cal se subvenciona unha cantidade fixa nos distintos bonos, será o seguinte :

bono bus xeral	0,81
bono bus estudante	0,78
bono bus universitario	0,59
bono social	0,61

A repercusión da aplicación da modificación do tipo impositivo nos bonos gratuítos, como consecuencia do contido do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro de 2009, non implica modificacións do procedemento fixado..

Conforme co contido do presente informe, e déase traslado do mesmo á empresa viguesa de transportes S.L. VITRASA como concesionaria do servizo e á xunta de goberno local para o seu coñecemento e aos efectos oportunos .

A Xunta de Goberno Local queda enterada do informe precedente.

35.- AXUDA ECONÓMICA A FAVOR DE D. FRANCISCO LUÍS GONZÁLEZ, TITULAR DA LICENZA NUM. 307 PARA A ADQUISICIÓN DUN TAXI ADAPTADO (EUROTAXI). EXPTE. 78313/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Transportes, do 16.06.10, co conforme do concelleiro delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade e da concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. Francisco Luis González, titular da licenza nº 307, con DNI 34720508 F, a cantidade de 8000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida polo IMSERSO, para a adquisición do citado vehículo unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 77000.

2º- Transferir dita cantidade á empresa FUNDOSA ACCESIBILIDADE, S.A, de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 15 de setembro de 2009 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 24 de novembro de 2009 por D. Francisco Luis González, titular da licenza nº 307, no cal cede a Fundosa Accesibilidad, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciamento obtida para a adquisición do vehículo marca CITROEN, modelo C8 PREMIER HDI 138.

36.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA EXECUCIÓN DE OBRAS DE “ACTUACIÓN NA RÚA SAN CRISTOVO-CANDEÁN”. EXPTE. 59666/250, 370/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 29.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de "Actuación na Rúa San Cristovo - Candean", en 1 mes, pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 17 de xullo de 2010, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.

37.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A EIRIÑA S.L. POR ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE “HUMANIZACIÓN RÚA ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ”. EXPTE. 1533/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 24.06.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución das fianzas a **EIRIÑA, S.L.**, constituída na data indicada, polo importe de :

BANCO	Nº DE OPERACIÓN	IMPORTE
Banco Santander	200900071440	25.000,00 €
Banco Santander	200900071443	25.000,00 €
Banco Santander	200900071447	25.000,00 €
Banco Santander	200900071450	17.000,00 €

38.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A COPRONOVA S.A. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN POLA RÚA MARQUÉS DE VALLADARES, 18. EXPTE. 61772/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 24.06.10, co conforme da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 27.600,00 € (Vinte sete mil seiscientos euros), a favor de Copronova, S.L.

39.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CONSTRUCCIONES MON S.L. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN Á RÚA LÓPEZ DE NEIRA. EXPTE. 61941/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de

Vías e Obras, do 23.06.10, co conforme da concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 30.000,00 € (Trinta mil euros), a favor de Construcciones Mon, S.L. .

40.- MODIFICADO Nº 1 “CUSTE CERO” DAS OBRAS DE SANTA MARIÑA, 3ª FASE-ACONDICIONAMENTO DO ENTORNO DA IGREXA. EXPTE. 369/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 1.07.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado nº 1 a “custe cero” das obras de construción de Santa Mariña, 3ª Fase. Acondicionamento do entorno da igrexa, de acordo cos criterios anteriormente indicados, e que quedan xustificadas no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 1 de xullo.

41.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NO TEMPO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 372/440.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 30.06.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para o soterramento de liñas eléctricas nas seguintes rúas: Manuel de Cominges, Manuel Álvarez, Cesáreo Vázquez, Estrada de Fragoselo (Manuel Lago Lago), Castaña, Sanin, Casal de Arriba e Baixada a Laxe.

42.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DAS OBRAS DE REPARACIÓN DAS ESCALEIRAS SITAS NA RÚA RAMÓN NIETO, 194. EXPTE.1541/443.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do xefe da Área de Servizos Xerais, do 2.07.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra “ARRANXO DE ESCALEIRAS NA AVDA. RAMÓN NIETO, núm. 194”

2.- Nomear como dirección facultativa da obra aos técnicos municipais D. Alvaro Crespo Casal e D. Julio Carrasco Rodríguez.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria DIZ, CONSTRUCCIONES Y PROYECCIONES, S.L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervenientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7,4 do Real Decreto 1627/1997).

43.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 41.748,40 € A FAVOR DE SCARPELLINI PROYECTOS S.L. POLOS SERVICIOS PRESTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DA FEIRA DE ARTE CONTEMPORÁNEO ESPACIO ATLÁNTICO VIGO. EXPTE. 3377/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 14.05.10, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, e co informe do Interventor de data 14.06.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polos conceptos que figuran nas facturas núm. 003410 e 003310, que se achegan o expediente, por un importe total de 41.748,40 euros, IVE engadido, a favor de Scarpellini Proyectos S.L., con CIF B-84397983, que deberán ser imputados á partida orzamentaria 4310.2279902 “proxecto exposición puro arte”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Scarpellini Proyectos S.L., con CIF B-84397983, por importe total de 41.748,40 euros, IVE engadido, en concepto de: realización de catálogo-guía; mailing acto inaugural; realización de carpetas corporativas; realización de invitacións troqueladas para acto inaugural; realización de sobres corporativos; servizo de limpeza; equipo de apoio os expositores; consumo de luz e consumo de calefacción.

3.- Pagar a Scarpellini Proyectos S.L., con CIF B-84397983, as facturas 003410 e 003310, que se achegan o expediente, por un importe total de 41.748,40 euros, IVE engadido, que deberán ser imputados á partida orzamentaria 4310.2279902 “proxecto exposición puro arte”.

44.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 58.521,60 € A FAVOR DE M6 GRUPO EMPRESARIAL POLOS SERVICIOS PRESTADOS DURANTE A REALIZACIÓN DA FEIRA DE ARTE CONTEMPORÁNEO ESPACIO ATLÁNTICO VIGO. EXPTE. 3379/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 14.05.10, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, e co informe do Interventor de data 14.06.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar a indemnización substitutiva polos conceptos que figuran nas facturas núm. 430, 431 e 432, que se achegan o expediente, por un importe total de 58.251,60 euros, IVE engadido, a favor de M6 grupo empresarial de proxectos S.L., con CIF B-84187095, que deberán ser imputados á partida orzamentaria 4310.2279902 “proxecto exposición puro arte”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de M6 grupo empresarial de proxectos S.L., con CIF B-84187095, por importe total de 58.251,60 euros, IVE engadido, en concepto de: focos halóxenos, enchufes, cadros eléctricos, moqueta feiral, muros, tarimas, baldas e paredes da IV Edición de Espacio Atlántico Vigo 2010.

3.- Pagar a M6 grupo empresarial de proxectos S.L., con CIF B-84187095, as facturas 430, 431 e 432, que se achegan o expediente, por un importe total de 58.251,60 euros, IVE engadido, que deberán ser imputados á partida orzamentaria 4310.2279902 “proxecto exposición puro arte”.

45.- ARRENDAMENTO POLO CONCELLO DE VIGO AO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO DUN LOCAL NO EDIFICIO DOTACIONAL DE MONTERO RÍOS-XARDÍNS DE ELDUAYEN CON DESTINO Á OFICINA DE TURISMO. EXPTE. 2929/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 23.06.10, conformado polo concelleiro da área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, e co informe da xefa do Servizo de Fiscalización do 24.06.2010 co conforme do Interventor,a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o “Contrato entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo, para o arrendamento dun local no edificio dotacional de Montero Rios- Xardíns Elduayen, con destino a oficina de turismo”

2º- Aprobar o pagamento en concepto de constitución de fianza e garantía, por un importe total de:

- fianza arrendaticia 9.120,30€
- garantía por actuacións de adaptación dos espazos alugados, instalacións de equipamentos, decoración e mobiliario que se podan producir coa ocupación dos locais arrendados: 10.000€

Subconceptos que se estipulan na cláusula cuarta e décimo primeira do contrato, a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo, CIF V-36611580, na conta bancaria que a entidade ten en Caixanova nº 2080000710040039740.

3º- Aprobar o gasto, por un máximo de 31.523,88€ (trinta e un mil cincocentos vinte e tres euros con oitenta e oito céntimos), con cargo ao vixente presuposto, en concepto de alugueiro de 304,01 m² no edificio dotacional de Montero Rios- Xardíns Elduayen, con destino a oficina de turismo, polo período de seis meses (dous de carencia) comprendido entre o día 1 de xullo e o 31 de decembro de 2010, e incluíndo neste prezo unha estimación de consumos comúns proporcionais á superficie alugada, por importe de 10.000€, con cargo á partida 432.0.202.00.00 (alugueiros) do presuposto en vigor, a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo, CIF V-36611580, a ingresar na conta bancaria que a entidade ten en Caixanova nº 2080000710040039740. Consignarase nos sucesivos presupostos a previsión de fondos necesarios para o pagamento do contrato durante os dez anos da súa vixencia.

4º- Aprobar o texto do contrato, que obra no expediente, que será asinado polo Concelleiro de Turismo en representación do Concello de Vigo.

46.- PROXECTO DE TRAZADO E SINALIZACIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA. EXPTE. 3403/104.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta do concelleiro de Industria, Comercio e Cascos Históricos, do 24.06.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Solicitar á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia que redacte o Plan Especial de Protección do “Camiño portugués a Santiago pola costa” no que se conteñan todos os extremos contemplados no Art. 69 da LOUGA así como, no caso do trazado polo termo municipal de Vigo, os esixidos no vixente PXOM, no que se xustifique historicamente o trazado definitivo, os elementos, subtramos, ámbitos de influencia e valores por protexer, así como a normativa e criterios de protección, nunha proposta suficientemente documentada e visada pola autoridade competente na materia, que permita superar a actual consideración como elemento catalogado, carente de carácter oficial e sen a consideración de Ben de Interese Cultural do “Camiño portugués a Santiago pola

costa”, segundo o trazado contido nas fichas S_001, S_002 aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 30 de marzo de 2009, como parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2º.- Manter a proposta de trazado do “Camiño portugués a Santiago pola costa” aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 30 de marzo de 2009, como parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal, (fichas S_001, S_002) como alternativa provisional susceptible de ofrecerse a cantos desexen facer o camiño de Santiago pasando polo termo municipal de Vigo e en tanto a Xunta de Galicia establece o trazado definitivo.

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia, a través do Departamento Territorial da Consellería de Cultura e Turismo da Delegación de Pontevedra, que emita, se procede, a preceptiva autorización do proxecto presentado pola SA de Xestión do Plan Xacobeo – Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e que debe de ser previa a calquera autorización municipal, (Art. 54 da Lei 9/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia), xa que o camiño incluído na proposta discorre por ámbitos suxeitos a protección patrimonial; así como que, cautelarmente e en calquera caso, desista de instalar dúas mouteiras no que é, previsiblemente, o foso do Castro de Estea.

4º.- Solicitar á Xunta de Galicia que tramite, previamente á presentación á consideración do concello, a autorización preceptiva para os tramos do camiño que discorren por estradas autonómicas que neste caso serían:

- Estrada de Camposancos PO-552.
- Avenida de Castrelos PO-330, aínda que, previsiblemente, será de titularidade municipal unha vez rematadas as obras de humanización en curso,
- Avenida de Galicia PO-323.
- Buenos Aires N-552.

5ª.- Solicitar á Xunta de Galicia que, traslade á cartografía oficial as propostas de obra de sinalización que considere para posibilitar os informes técnicos preceptivos e, así mesmo, que contemple en calquera caso, que o replanteo das obras no termo municipal de Vigo debe de facerse necesariamente coa presenza de técnicos municipais de Patrimonio Histórico e de Vías e Obras do Concello de Vigo.

6º.- Trasladar este acordo á S.A de Xestión do Plan Xacobeo–Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, á maior brevidade, xunto cos informes técnicos de Turismo, Patrimonio Histórico, Medio Ambiente, Vías e Obras e Xerencia Municipal de Urbanismo, así como do trazado do elemento catalogado no PXOM como “Camiño de Santiago (tramo portugués da Costa)” na cartografía oficial.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artigo. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

47.- APROBACIÓN DE PROXECTO E NOMEAMENTO DE DIRECTOR DE OBRA, COORDINADOR DE SEGURIDADE E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E

SAÚDE, PARA EXECUCIÓN DE OBRA PARA “PISTA POLIDEPORTIVA PARA MAIORES NA PARROQUIA DE VALLADARES”. EXPTE. 4705/320.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da xefa de Promoción Económica e Emprego, do 2.06.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá,a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Nomear a Dona María del Carmen Corbillón Canal da empresa Galaicontrol S.L. como Directora das obras a realizar no proxecto de “Construción dunha pista polideportiva para maiores en Valladares”, asumindo a supervisión técnica de dita obra.

2.- Nomear Coordinador de Seguridade e saúde a don Emilio Otero Martínez da empresa Galaicontrol S.L. das obras a realizar no proxecto de “Construción dunha pista polideportiva para maiores en Valladares”.

3.- Aprobar o “Plan de Seguridade e Saúde” presentado pola empresa Obras, Reformas y saneamentos S.L., adxudicataria da obra “Construción dunha pista polideportiva para maiores en Valladares”, e visado polo Coordinador de Seguridade e Saúde.

48.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EMPREGADOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19711/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, e visto o informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 30.06.10, co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral do 1.07.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente á SOCIEDAD DE PREVENCION DE FREMAP, S.L., o procedemento negociado sen publicidade dos “Servizos de vixilancia da saúde dos empregados do concello de Vigo”(expediente 19711-220) por un prezo total de 54.281, 25 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Manifesta que no seu cadro de persoal propio e adscritos ao centro ou centros de Vigo dispón de 5 especialistas en Medicina do traballo susceptibles de ser adscritos a execución do contrato (presentará a documentación acreditativa desta circunstancia)
- Manifesta que no seu cadro de persoal propio e adscritos ao centro ou centros de Vigo dispón de 9 especialistas en DUE susceptibles de ser adscritos a execución do contrato.
- Manifesta que dispón en Vigo de 1 centro acreditado para Vixilancia da Saúde susceptibles de ser adscritos a execución do contrato (presentará a documentación acreditativa desta circunstancia).
- Propón como melloras:

- Comprométense a realizar 14 charlas informativas/formativas sobre promoción da saúde.
- Diseñar, de acordo co Servizo de Prevención Propio, campañas de promoción da saúde sobre riscos profesionais, condicións saudables de traballo, así como asesorar ao Concello das campañas de promoción e prevención da saúde mais adecuadas segundo os resultados dos recoñecementos médicos e segundo as necesidades do Concello.
- En todos os recoñecementos médicos, realizarán actividades de promoción da saúde en función dos resultados obtidos, entregando aos traballadores documentación informativa ao respecto, e/ou segundo as necesidades de cada traballador.
- Ofrece á administración municipal a posibilidade de participar na “Cátedra FREMAP de investigación e desenvolvemento na medicina do traballo”.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 12 de abril de 2010 e a oferta presentada.

49.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e oito. Como secretaria dou fe.

me/am/kv

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.